



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 12 DE SETEMBRO DE 2019,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: mellora da seguridade viaria (MSV) no contorno do treito de concentración de accidentes (TCA) na estrada PO-552, P.Q. 58+300 a 61+400 e 68+500 a 69+900, de clave PO/17/146.06, nos Concellos de Tomiño e Tui.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ramirás de varios treitos antigos da OU-531. Xinzo de Limia-Cortegada (OU-801).

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello da Veiga, para a dotación do equipamento do observatorio astronómico na Veiga, por un importe de cento oitenta mil douscentos sesenta e oito euros con catro céntimos (180.268,04 €).

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria para adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual, así como para incrementar as porcentaxes máximas dos anticipos de pagamento e eximir de garantías nos supostos de pagamentos anticipados destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da orde pola que se establecen as bases reguladoras de axudas para a realización do Programa de formación dual para persoas con discapacidade intelectual nos centros especiais de emprego (CEE) e se procede á súa convocatoria plurianual (2019 a 2022), por importe de tres millóns de euros (3.000.000 €).

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Viveiro para a execución da obra de mellora das liñas de tratamento da estación depuradora de augas residuais de Viveiro. Viveiro (Lugo), clave OH.327.680,

por importe de tres millóns novecentos setenta e tres mil trescentos sesenta e seis euros con oito céntimos (3.973.366,08 €), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80 %, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Universidade de Vigo (UVigo) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2019-2020, por un importe de catro millóns douscentos setenta e nove mil douscentos cinco euros con noventa e un céntimos (4.279.205,91 €).

## **CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, a Asociación da Ruta do Viño Rías Baixas, a Asociación da Ruta do Viño Valdeorras, a Asociación da Ruta do Viño do Ribeiro, a Asociación da Ruta do Viño da Ribeira Sacra e a Asociación da Ruta do Viño Monterrei para o deseño e desenvolvemento dunha plataforma de comercialización de experiencias enogastronómicas para as denominacións de orixe vitivinícolas de Galicia, por importe total vinte oito mil douscentos vinte e tres euros con vinte cinco céntimos (28.223,25€), e polo que se autorizan pagamentos anticipados ata o 100 % da subvención concedida e a exención da obriga de constituír garantía para os pagamentos anticipados.

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración de vacinas da hepatitis A e a conxugada fronte ao meningococo de serogrupos A, C, W e Y, derivado do Acordo Marco do Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade, por un importe de cinco millóns trescentos trinta mil catrocentos dezaseis euros (5.330.416 €) e un valor estimado de sete millóns seiscientos oitenta e oito mil cen euros (7.688.100 €).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Informe sobre o plan territorial da Ribeira Sacra.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a convocatoria de axudas para proxectos de enerxías renovables térmicas e proxectos integrais de aforro e eficiencia enerxética para as universidades

públicas de Galicia, para os anos 2019 e 2020, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

## **CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Informe sobre o Plan de albergues do Camiño de Santiago 2019-2021.

**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS NECESARIAS PARA EXECUTAR A MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA PO-552, ENTRE OS CONCELLOS DE TOMIÑO E TUI, CUN INVESTIMENTO DE 550.000 EUROS**

- *O decreto de utilidade pública comprende a expropiación de 14 predios que se precisan para levar a cabo este proxecto*
- *O Goberno galego financia esta intervención e prevé licitar as obras a finais de 2019*
- *A intervención prevé a execución dunha glorieta na intersección da PO-552 coa estrada PO-344, en Tomiño; a mellora da intersección do punto quilométrico 69+150, e a construción doutra rotonda na intersección coa estrada PO-350, en Tui*
- *Estas medidas complementáanse coa reordenación dos pasos de peóns, o reforzo da iluminación nestes pasos, a execución de beirarrúas no perímetro das novas glorietas e a colocación de marquesiñas nas paradas de autobús*
- *Esta actuación está enmarcada na estratexia da Xunta para eliminar os tramos de concentración de accidentes nas vías autonómicas nesta lexislatura, para o que están previstas actuacións que superarán o investimento de 15 millóns de euros*

O Consello da Xunta autoriza hoxe o proxecto de decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de mellora de seguridade viaria na estrada PO-552, nos concellos de Tui e Tomiño.

O Goberno galego financia esta intervención mediante o investimento de máis de 548.000 euros, coa previsión de licitar o contrato de obras a finais de 2019.

Esta actuación está enmarcada na estratexia da Xunta para eliminar os tramos de concentración de accidentes nas vías autonómicas nesta lexislatura. Para isto, está prevista a execución de actuacións que superarán os 15 millóns de euros.



O decreto de utilidade pública comprende a expropiación dos 14 predios necesarios para levar a cabo este proxecto, cuxas actuacións máis importantes son dúas novas glorietas nas interseccións coas estradas PO-344 e PO-350, en Tomiño e Areas, no concello de Tui.

A Consellería de Infraestruturas, considerando as achegas recibidas no proceso de información pública que tivo lugar en xaneiro, definiu a execución dunha glorieta na intersección da PO-552 coa estrada PO-344, no concello de Tomiño; a mellora da intersección do punto quilométrico 69+150, e a construción doutra rotonda na intersección coa estrada PO-350, no concello de Tui.

Estas medidas complementáanse coa reordenación dos pasos de peóns, adaptándoos á nova configuración das interseccións. Reforzarase a iluminación específica para estes pasos, con sistemas de detección de peóns que mellorarán a percepción do peón por parte dos condutores.

Tamén se construírán beirarrúas no perímetro das glorietas executadas e se resituarán as paradas de autobús, dotándoas ademais de novas marquesiñas.

A continuación, amósanse as glorietas proxectadas en Tomiño e en Areas.



## **A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE RAMIRÁS DE VARIOS TREITOS ANTIGOS DA ESTRADA AUTONÓMICA OU-531**

- ***Trátase de treitos sen funcionalidade dunha estrada acondicionada no seu momento pola Xunta entre Celanova e a provincia de Pontevedra, en que a Xunta investira 22 millóns de euros***
- ***Os cambios de titularidade tramítanse conforme a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade***
- ***Coa transferencia aprobada hoxe polo Executivo autonómico, o concello ourensán terá a competencia para actuar nestas vías e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á transferencia ao Concello de Ramirás de varios treitos antigos da estrada autonómica OU-531, ao seu paso polo municipio ourensán.

O Concello de Ramirás manifestou á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o seu interese polo cambio de titularidade de varios treitos antigos da OU-531 orixinados polo acondicionamento realizado pola Xunta de Galicia nesta estrada, que mellorou o seu trazado e, polo tanto, orixinou restos de estrada coas rectificacións de curvas realizadas.

A estrada autonómica OU-531 comunica Xinzo de Limia e Cortegada, e nela a Xunta investiu no seu día máis de 22 millóns de euros no acondicionamento no treito entre Celanova e a provincia de Pontevedra. Unha actuación importante sobre a antiga comarcal C-531 que permitiu mellorar as comunicacións nesta zona.

O Departamento de Infraestruturas da Xunta emitiu informe favorable sobre a transferencia dos tramos solicitados que na actualidade carecen de funcionalidade dentro da rede autonómica de estradas de Galicia, e o Concello aceptou o cambio de titularidade dos treitos da estrada, situados nos puntos quilométrico 32+200 ao 32+330, 32+920 ao 33+060, 33+180 ao 33+260 e do punto quilométrico 33+560 ao 33+660.

A transferencia a prol do Concello de Ramirás destes antigos treitos da estrada autonómica tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que debe ser aprobado por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.


Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o Concello ourensán terá a competencia para actuar nestes tramos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

A entrega deste treitos formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes á publicación no *Diario Oficial de Galicia* do decreto aprobado hoxe polo executivo autonómico.





No seguinte plano amósase a situación dos treitos antigos que se transfiren:



## **A XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 180.000 EUROS PARA O EQUIPAMENTO DO NOVO OBSERVATORIO ASTRONÓMICO DA VEIGA**

- ***O Consello deu o seu visto e praxe á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o concello ourensán para acometer a dotación interior das instalacións***
- ***O novo observatorio está localizado en Pena Trevinca, un dos dous destinos Starlight de Galicia e lugar privilexiado para a observación do ceo e das estrelas***
- ***A construción do edificio rematou este verán e unha vez que se complete a súa dotación interior co mobiliario e os equipos técnicos correspondentes, a Consellería poderá utilizar as súas instalacións para desenvolver novos programas e actividades relacionadas co mundo da astronomía***

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda investirá 180.268,04 euros en dotar o Observatorio Astronómico de A Veiga do equipamento necesario para a súa posta en funcionamento. Así o acordou esta mañá o Consello da Xunta, que autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre o departamento autonómico e o concello ourensán da Veiga no cal se concreta a achega económica da Xunta e o compromiso municipal para que a Consellería poida desenvolver nestas instalacións novos programas e actividades no marco das súas competencias.

Unha vez que se complete a dotación interior do edificio, o Observatorio Astronómico da Veiga poderá poñerse en marcha e converterase nun centro de referencia na materia para Galicia. De feito, trátase do primeiro centro destas características na provincia de Ourense, xa que na Comunidade hai outros tres centros: o Observatorio Astronómico de Cotobade, o Observatorio Astronómico de Forcarei e o Observatorio Ramón Aller, dependente da Universidade de Santiago de Compostela.

Cómpre lembrar que o Observatorio Astronómico da Veiga foi construído en virtude dun acordo de colaboración asinado a finais de 2017 entre a Consellería de Medio Ambiente, o Instituto Enerxético de Galicia, a Axencia Turismo de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello da Veiga.

Tal e como se recollía no devandito convenio, a Xunta comprometeuse a asumir, unha vez rematado o edificio, a dotación do equipamento necesario (tanto mobiliario como equipo técnico) para a posta en marcha das instalacións. Por iso, despois de que este verán se completaran os traballos construtivos no Observatorio, sométese agora á autorización do Consello da Xunta o convenio específico que regulará a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello da Veiga co fin de executar este ano o equipamento das instalacións.

Cun investimento de 620.928 euros achegados entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación de Ourense, o Observatorio Astronómico da Veiga está localizado nos montes de Corzos e Valdín, a aproximadamente



1.700 metros de altura e no corazón de Pena Trevinca, un emprazamento idóneo para a práctica de actividades de observación astronómica.

De feito, a zona de Trevinca, no concello da Veiga, foi declarada destino turístico *Starlight* no ano 2015, converténdose así no primeiro lugar de Galicia en obter esta certificación internacional avalada pola Unesco e que acredita a calidade dos seus ceos nocturnos e a súa condición de área de observación privilexiada.

Posteriormente, a comezos de 2016, o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia tamén foi recoñecido co selo *Starlight*, e hoxe en día son os dous únicos enclaves galegos que contan con este distintivo, en consideración coas súas excepcionais calidades para a observación nocturna das estrelas.

### **Actividades divulgativas e turismo sustentable**

O novo Observatorio Astronómico da Veiga favorecerá aquelas actividades sustentables que posibiliten a divulgación do medio natural e que inclúan a interpretación do patrimonio natural como unha oferta dos seus servizos. Así mesmo, fomentará as actividades turísticas no concello e na bisbarra en que se localiza, o que incidirá na mellora da economía e na calidade de vida das poboacións rurais da súa contorna.

A promoción e o recoñecemento dos ceos nocturnos como recurso, ademais, porá en valor tamén o turismo, apoiando o desenvolvemento da zona como destino *Starlight* e de novos produtos turísticos responsables sustentados na observación do firmamento, as estrelas e os fenómenos da noite. A difusión e promoción dos recursos culturais, científicos e naturais vinculados á astronomía representa un elemento esencial no desenvolvemento de todas as culturas e en moitos avances científicos e técnicos.

Por último, grazas ao Observatorio Astronómico da Veiga estimularanse novas vocacións científicas e converterase nun foco de atracción de visitantes ao fomentar o chamado turismo astronómico, que conta cada vez con máis seguidores en todo o mundo.

## **GALICIA AVANZA NA INTEGRACIÓN LABORAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL CUN NOVO PROGRAMA DE FORMACIÓN DUAL DOTADO CON 3M€**

- ***A Xunta, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, colaborará cos centros especiais de emprego nesta iniciativa pioneira, coa que se prevé beneficiar 80 persoas***
- ***Accederán a un contrato e a un itinerario formativo de tres anos de duración que lles permitirá obter un certificado de profesionalidade***
- ***Os proxectos serán desenvolvidos por centros sen ánimo de lucro, cun mínimo de 10 traballadores dos cales polo menos o 30 % deben ter discapacidade intelectual***
- ***A plena inclusión das persoas con capacidades diversas é un obxectivo prioritario para a Administración autonómica, que, entre outras medidas, destina 17,2 millóns de euros para apoiar o traballo de 2900 persoas nos 106 centros especiais de emprego que hai en Galicia***

A Xunta vai poñer en marcha un novo programa de formación dual destinado a persoas con discapacidade intelectual que permitirá impulsar a súa integración laboral a través da cualificación e a experiencia profesional. A Consellería de Economía, Emprego e Industria destina 3 millóns de euros a esta iniciativa, que se desenvolverá en colaboración cos centros especiais de emprego e da que se prevé que se poidan beneficiar arredor de 80 persoas.

Os alumnos, que deberán estar inscritos como demandantes de emprego, contarán cun contrato para a formación e a aprendizaxe de tres anos de duración, e poñeranse en marcha itinerarios formativos adaptados e estables que lles permitirán obter certificados de profesionalidade.

Os centros especiais de emprego que soliciten a súa participación no programa deberán estar cualificados como centros sen ánimo de lucro e contar cun mínimo de 10 traballadores, dos cales polo menos o 30 % deben ter discapacidade intelectual. Os apoios, que alcanzan os 36.750 euros por traballador, concederanse en réxime de concorrencia competitiva.

Calcúlase que en total se poidan beneficiar oito centros especiais de emprego, que obterán axudas para asumir os custos salariais dos participantes, para o desenvolvemento das actividades formativas e para a contratación de persoal de apoio e acompañamento das persoas con discapacidade no seu posto de traballo.

Cada entidade poderá presentar un máximo de dous proxectos, que deberán orientarse á obtención de diferentes certificados de profesionalidade e que contará cun máximo de 10 persoas participantes e un mínimo de 6. O tempo de traballo efectivo será do 50 % da xornada, e o 50 % será destinado ás actividades formativas.

Esta nova medida aprobada hoxe no Consello da Xunta forma parte das diferentes iniciativas desenvolvidas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para impulsar a

inserción laboral das persoas con capacidades diversas. Trátase dun elemento decisivo para lograr a súa inclusión plena, un obxectivo prioritario para a Administración autonómica.

Así, entre outras iniciativas, a Xunta destina preto de 17,2 millóns de euros para apoiar o traballo de persoas con capacidades diferentes nos 106 centros especiais de emprego que hai en Galicia. Estímase que se poidan beneficiar destas axudas, cuxo prazo de presentación de solicitudes permanece aberto ata o vindeiro 4 de outubro, preto de 2900 persoas traballadoras e que se creen 80 postos de carácter estable. Así mesmo, 480 persoas con capacidades diversas con especiais dificultades de inserción laboral serán atendidas por 78 persoas profesionais das unidades de apoio dos centros especiais de emprego.

Tamén está aberto o prazo de presentación de solicitudes do programa Galicia Emprega Persoas con Capacidades Diferentes ou en Risco de Exclusión Social, dotado con 2,2 millóns de euros e que inclúe bonos para a contratación, a formación e o emprego con apoio, co que se prevé impulsar a contratación de 180 persoas. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o próximo 30 de setembro.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DA OBRAS PARA AMPLIAR A CAPACIDADE E MELLORAR O FUNCIONAMENTO DA DEPURADORA DE VIVEIRO, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 3,9 MILLÓNS DE EUROS**

- *O Executivo autonómico pode iniciar a contratación das obras unha vez recibida esta mesma semana a documentación municipal necesaria para executar uns traballos de competencia municipal*
- *Trátase da primeira fase das obras planificadas, que se completarán co proxecto de conexión do saneamento de Celeiro e o novo emisario submarino, que suman un investimento da Xunta de máis de 7 millóns de euros*
- *Os traballos teñen por finalidade optimizar o funcionamento da depuradora e adaptala para o tratamento completo das augas residuais do núcleo de Celeiro*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación das obras necesaria para ampliar a capacidades e mellorar a estación depuradora de augas residuais de Viveiro, cun investimento de máis de 3, 9 millóns de euros.

O Executivo autonómico pode iniciar a contratación das obras unha vez recibida esta mesma semana a documentación municipal necesaria para executar uns traballos de competencia municipal.

Nos vindeiros días a Xunta iniciará a contratación das obras contidas no proxecto redactado polo organismo hidráulico da Xunta de mellora das liñas de tratamento da estación depuradora de augas residuais de Viveiro. Estas obras dispoñen dun prazo de execución de 18 meses, que inclúen o período de posta en servizo en probas.

O obxectivo desta obra da Xunta é levar a cabo as actuacións necesarias para conseguir un tratamento completo das augas residuais do núcleo de Celeiro e incorporalas á EDAR, que necesitará ampliar as instalacións para recibir o novo efluente, aumentando a súa capacidade e optimizando o seu funcionamento.

### **As actuacións da Xunta**

Esta intervención é unha das tres actuacións deseñadas polo organismo hidráulico da Xunta, para a mellora do sistema de depuración en Viveiro, cun investimento duns 7 millóns de euros. Trátase de dar solución á rede de Celeiro e da construción dunha nova conducción de desaugamento submarino que se conectará ao actual tramo terrestre existente.

O Goberno galego amosa a súa implicación polo saneamento das rías galegas e reafirma o seu apoio aos concellos na súas competencias municipais, para o que segue a traballar de maneira constante co obxectivo de cumprir coas normativas europeas e lograr o saneamento integral das rías.

## **EDUCACIÓN INXECTA 4,3 M€ NA UVIGO PARA REFORZAR AS INFRAESTRUTURAS DE I+D+i E OS PROGRAMAS DE INVESTIGACIÓN E PRODUCCIÓN CIENTÍFICA DESTA UNIVERSIDADE**

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura dun convenio entre a Consellería e a Universidade de Vigo que suporá melloras no equipamento científico e avanzar na especialización***
- ***Destínanse 2,8 millóns de euros á implantación de liñas de investigación no campo da enxeñaría biomédica, ao ECIMAT, ao Edificio Filomena Dato e ao Campus CREA***
- ***Outros 640.000 euros van dirixidos a iniciativas de captación de talento e o reforzo do programa dos seus centros de investigación***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Universidade de Vigo (UVigo), a través do cal o Goberno galego financiará cun total de 4.279.205,91 euros a mellora de infraestruturas e adquisición de equipamento de investigación, a especialización científica e o reforzo do programa de centros de investigación desta universidade co obxectivo xeral de avanzar cara a un sistema integral de excelencia científica.

Este acordo enmárcase na liña estratéxica do Goberno galego de ofrecer apoio ao desenvolvemento da investigación universitaria, en consonancia coa aposta polo crecemento intelixente que fai o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, para o cal tamén se asinaron convenios específicos coas outras dúas universidades do Sistema universitario galego (SUG), a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade da Coruña (UDC).

No caso concreto deste convenio, a maior parte do orzamento (2,8 millóns de euros) vai destinado á mellora de infraestruturas e adquisición de equipamento de I+D+i. Neste apartado inclúese a implantación de liñas de I+D+i do grao de Enxeñaría Biomédica (sensorización, robótica médica, biomecánica, biomateriais e biocompatibilidade, realidade aumentada), do ECIMAT, de acondicionamento do Edificio Filomena Dato, e do acondicionamento (en concreto, do edificio Corbal) e dotación de equipamento para estudos ergonómicos, innovación e creación do Campus Crea.

Outros 640.000 absórbeos a adecuación de espazos e laboratorios para atender os programas de especialización científica de alto nivel (captación de talento), que inclúe mobiliario de laboratorio e instalación de redes de extracción, entre outros, así como ao reforzo do programa de centros de investigación.

Na Área de Tecnoloxía da Información e da Comunicación financiarase con 565.000 euros a renovación da actual infraestrutura informática relacionada coa conectividade de redes, telecomunicacións e grandes aplicacións que serve de apoio aos servizos de I+D, centros e grupos de investigación. Deste xeito trátase de garantir a renovación, actualización e mellora dos servizos tecnolóxicos da Universidade de Vigo.



Os 251.000 euros restantes irán destinados a financiar iniciativas de formación científica en liña, feiras científicas e de difusión das actividades que levan a cabo os centros de investigación, que se caracterizan pola súa elevada complexidade técnica e relevante utilidade social. A través destas accións (xornadas de portas abertas, congresos, feiras divulgativas, campañas) ponse en valor o traballo de investigación que se realiza nestes centros, de moita utilidade, sobre todo, para os estudantes, co fin de impulsar as vocacións científicas entre os máis novos.

## **A XUNTA CREA UNHA PLATAFORMA EN LIÑA PARA COMERCIALIZAR EXPERIENCIAS ENOTURÍSTICAS NAS CINCO DENOMINACIÓNS DE ORIXE VITIVINÍCOLAS**

- ***O Consello autoriza un convenio coas Asociacións das Rutas do Viño de Galicia para dotalas dunha ferramenta tecnolóxica que permita reservas en liña***
- ***Dá resposta ás accións enmarcadas no Smart Turismo e reforza o tecido empresarial de preto dun centenar de concellos situados nestas zonas rurais***

O Consello da Xunta aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e as asociacións das Rutas do Viño de Galicia para o deseño e desenvolvemento dunha plataforma de comercialización de experiencias enogastronómicas nas áreas que abarcan as denominacións de orixe vitivinícolas de Galicia que permitirá mercar paquetes enoturísticos coa mesma facilidade e inmediatez que hoxe en día se pode reservar a través da internet un voo ou un hotel.

A Xunta dá así resposta ao crecente interese dos viaxeiros por reservar experiencias en destino e impulsa a competitividade e modernización do sector asociado ao turismo a través dunha ferramenta que, nunha primeira fase, permitirá que os viaxeiros e os propios galegos teñan ao seu alcance, nun único sitio web, toda a información e oferta enogastronómica dispoñible no territorio que abarca a denominación de orixe, así como os servizos complementarios.

Unha segunda fase, prevista para 2020, permitirá que os establecementos asociados ao enoturismo como adegas, restaurantes, aloxamentos, museos, guías, transportes e a propia Asociación da Ruta dos Viños poida xestionar directamente e sen intermediarios os produtos que poñen á venda, informar da súa dispoñibilidade, crear ofertas especiais... Porase en marcha, ademais, unha aplicación para as empresas do sector vinculadas ás áreas das denominacións de orixe que permitirá rexistrar as entradas dos visitantes cando ingresen ás súas instalacións evitando a falsificación de tickets e establecendo un control.

A Xunta de Galicia continúa así a traballar na calidade do destino galego facendo uso da tecnoloxía aplicada ao sector turístico como parte das accións enmarcadas no *Smart Turismo* no que leva anos traballando a través dunha infraestrutura tecnolóxica de vangarda que facilita a interacción do visitante con Galicia antes, durante e despois da viaxe.

Este apoio económico e promocional beneficiará o tecido empresarial de preto dun centenar de concellos das catro provincias integrados nas cinco denominacións de orixe vitivinícolas da Comunidade. A posta en marcha desta nova plataforma contribuirá, igualmente, a seguir impulsando o enoturismo en Galicia, un sector en que a Xunta está a traballar de xeito transversal.

De feito, estase a impulsar xunto ás consellerías de Economía, Emprego e Industria e do Medio Rural e a Fundación Juana de Vega a Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia. Mobilizaranse un total de 748.000

euros a favor deste sector e dos territorios das cinco denominacións de orixe vitivinícolas de Galicia (Rías Baixas, Ribeiro, Valdeorras, Ribeira Sacra e Monterrei) e das catro indicacións xeográficas protexidas (Val do Miño, Betanzos, Barbanza e Iria, Ribeira do Morrazo) e tamén se traballa no Plan de internacionalización para o viño e os licores de Galicia que impulsa o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).

Estas iniciativas complétanse con outras iniciativas como a estratexia *Galicia Sabe*, a folla de ruta transversal en que se recollen as principais liñas de actuación e as prioridades para promover un turismo enogastronómico sustentable baseado nos produtos autóctonos e de tempada, ou no apoio da Xunta para a sinalización turística das Rutas dos Viños ou da celebración das xornadas de portas abertas, entre outras actividades.

## **A XUNTA AUTORIZA A ADQUISICIÓN DE VACINAS PARA INMUNIZAR AOS ADOLESCENTES CONTRA TRES TIPOS MÁIS DE MENINXITE**

- **Sanidade investirá máis de 4,5 millóns de euros en 135.500 doses da vacina meningocócica conxugada tetravalente (A, C, W e Y) que substituirá a actual vacina contra a meninxite C**
- **O aumento previsto de orzamento no vindeiro ano, ao cambiar da vacina da meninxite C á tetravalente é duns dous millóns de euros**
- **Arredor de 130.000 de adolescentes nados entre 2001 e 2006 poderán beneficiarse desta vacina tetravalente**
- **Ademais vanse destinar outros 778.700 € á compra de 25.000 doses de vacina de hepatite A de adulto**

O Consello da Xunta de Galicia autorizou esta mañá a adquisición de novas vacinas para ampliar a protección de adolescentes e adultos novos fronte a determinados serotipos de meninxite que non se recollían no calendario vacinal. Concretamente, vanse adquirir 135.500 doses da vacina meningocócica conxugada tetravalente (A, C, W e Y).

Esta vacina substituirá a que se administra ata o de agora aos 12 anos, a meningocócica C, e ampliará a protección desta poboación e, por extensión, do resto da sociedade, contra outros tres serotipos de meninxite. Cómpre lembrar que Galicia foi a primeira comunidade dentro do Sistema Nacional de Saúde (SNS) que incluíu no seu calendario a vacinación da meninxite C.

O importe total destas doses é de 4.551.716 euros e van cubrir a demanda prevista da vacinación durante os anos 2019, 2020 e 2021.

A Consellería de Sanidade prevé tamén a vacinación de rescate, cunha secuencia escalonada, dos rapaces nados a partir do ano 2001. Deste xeito, Sanidade dá cumprimento á decisión da Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. Está previsto empezar polos grupos de máis idade e ir aumentando paulatinamente ata chegar aos rapaces nados no 2006.

A adquisición destas vacinas deriva do Acordo marco entre o Ministerio de Sanidade e varias comunidades autónomas, ao que a Consellería de Sanidade volveu adherirse en 2017, para a adquisición de vacinas no período que comprende os anos 2017-2019, e que neste ano se prorrogou ata o vindeiro ano 2020. O aumento previsto de orzamento no vindeiro ano, ao cambiar da vacina da meninxite C á tetravalente é duns dous millóns de euros.

Esta nova mellora do Programa galego de vacinación (PGV) require da adquisición das doses suficientes para levala a cabo, polo que se fai preciso asinar un novo derivado do Acordo marco. Estas 135.000 doses cubrirán a demanda necesaria para vacinar uns 21.000 nenos de 12 anos e para comezar coas primeira roldas de vacinación nos rapaces nados a

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

partir do 2001 que se irán facendo en anos sucesivos. Sanidade estima que uns 130.000 adolescentes nados entre 2001 e 2006 poderán beneficiarse desta vacina tetravalente.

Esta decisión adóptase para previr casos dos serogrupos Y e sobre todo W, ante a constatación de que están empezando a circular (aínda con moi poucos casos) no noso país, especialmente unha cepa especialmente virulenta do W.

A experiencia do Reino Unido e de Holanda con esta mesma cepa aconsella non agardar máis e anticiparse vacinando, para protexer de maneira directa a grupos de poboación infantil expostas (12 anos e adolescentes) e buscando conseguir unha protección indirecta de toda a poboación, pois ao vacinar os adolescentes, que son os principais portadores e difusores do meningococo, elimínase este xerme da súa gorxa e diminúe a circulación desta bacteria e a exposición da poboación a ela; reducindo, polo tanto, os casos en todas as idades.

Ademais da vacina meningocócica conxugada tetravalente, o Consello da Xunta autorizou a adquisición de 25.000 doses de vacina de hepatite A para adulto, por un importe total de 778.700 euros. Estas doses, tamén derivan do Acordo marco anteriormente dito e, ao igual que as da meninxite, están destinadas a cubrir as necesidades desta vacina durante os anos 2019, 2020 e 2021.

A vacina da hepatite A de adulto adminístrase, entre outros grupos, aos viaxeiros internacionais que a teñan indicada, e distribúese desde o PGV aos centros que a soliciten.



## **A XUNTA APROBA UN PLAN ESTRATÉXICO DE ACTUACIÓN AMBIENTAL E DE ORDENACIÓN URBANA NA RIBEIRA SACRA NO QUE INVESTIRÁ 3,5 MILLÓNS**

- ***O Consello deulle o visto e praxe esta mañá ao informe da Consellería de Medio Ambiente que recolle as principais accións que se realizarán no marco desta estratexia***
- ***Entre as propostas que se levarán a cabo cómpre subliñar a definición dunha nova área de rehabilitación integral para os 25 concellos da Ribeira Sacra, a recuperación e humanización de espazos urbanos de grande interese patrimonial, a posta en marcha dun pacto pola paisaxe e dun plan de acción da paisaxe, un estudo do impacto do cambio climático na zona ou a creación dunha nova ruta por aqueles elementos incluídos no Catálogo galego de árbores senlleiras***
- ***O obxectivo de todas as propostas é mellorar a protección e regular as intervencións neste territorio a nivel paisaxístico, ambiental e urbanístico***
- ***Con este plan de acción con horizonte 2024 daráselle pulo á dobre candidatura da Ribeira Sacra a Reserva da Biosfera e Patrimonio da Humanidade***

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda investirá máis de 3,5 millóns de euros na execución dun paquete de actuacións de carácter ambiental e de ordenación do medio físico e urbano na Ribeira Sacra. Así consta no informe presentado esta mañá ao Consello da Xunta e que recolle as principais medidas que se executarán no marco dun plan de acción estratéxico co que se aspira a mellorar a protección deste territorio a nivel paisaxístico, ambiental e urbanístico, ao tempo que se regulan as futuras intervencións nel.

Con este dobre obxectivo de partida, o Departamento de Medio Ambiente quere promover o máximo coidado e respecto por unha zona de alto valor ambiental e cultural, algo que foi recoñecido coa súa declaración no ano 2018 como Ben de Interese Cultural (BIC). Este fito, de feito, reactivou os esforzos para que a Ribeira Sacra continuase coa súa aspiración de converterse en Patrimonio Mundial da Humanidade e máis recentemente, que seguira avanzando na súa candidatura á declaración como Reserva da Biosfera.

Para logralo, a Xunta considerou necesario fortalecer as ferramentas de ordenación e protección deste espazo a cabalo entre Lugo e Ourense, como son a definición dun instrumento de ordenación territorial, a integración doutras medidas de protección dos valores naturais e o desenvolvemento de accións de rehabilitación en materia de vivenda.

Por iso promoveu este plan de acción estratéxico, que define e concreta todas as actuacións que se levarán a cabo desde a perspectiva paisaxística, urbanística e ambiental e co que se busca tamén fomentar un turismo sustentable, ligado sempre aos recursos naturais e patrimoniais. Así mesmo, coa posta en marcha deste paquete de medidas preténdeselle dar un pulo definitivo á dobre candidatura da Ribeira Sacra a Reserva da Biosfera e Patrimonio Mundial.

Entre a decena de propostas de actuación que recolle o plan figura o impulso dunha nova área de rehabilitación integral (ARI) xestionada polo Consorcio da Ribeira Sacra e integrada por 25 concellos, os mesmos incluídos na área de estudo do expediente remitido á Unesco no marco da candidatura a Patrimonio da Humanidade.

Esta declaración, prevista para o próximo ano e cun orzamento de 850.000 euros, daralles acceso tanto aos concellos como aos particulares a axudas públicas para promover accións integrais de rehabilitación, xa que cómpre lembrar que o obxecto dunha ARI é planificar a intervención sobre un conxunto de edificacións con usos residenciais que se atopan en situación de deterioración. A idea, ademais, é declarar este mesmo ámbito área de rexeneración urbana de interese autonómico, unha figura creada na nova Lei de rehabilitación de Galicia para espazos cunha necesidade especial de recuperación.

Outra das accións estratéxicas programadas pasa pola aprobación dun plan territorial integrado (PTI) para os 14 concellos considerados de máxima protección do BIC Paisaxe Cultural Ribeira Sacra (Carballedo, Castro Caldelas, Chantada, Nogueira de Ramuín, Pantón, Parada de Sil, Monforte de Lemos, A Peroxa, A Pobra do Brollón, Ribas de Sil, San Xoán de Río, O Saviñao, Sober e A Teixeira) co fin de ordenar e posibilitar a regularización urbanística das construcións accesorias de lecer na Ribeira Sacra. Esta actuación contará cun orzamento de 500.000 euros e completarse entre 2019 e 2021.

Así mesmo, a través do chamado Plan Hurbe da Consellería destinaranse 1,3 millóns de euros de aquí ao ano 2021 para proxectos de recuperación de espazos de elevado interese patrimonial que se atopan moi deteriorados, por exemplo, as contornas da Igrexa de Santa María de Nogueira de Miño (Chantada) e do Mosteiro de Ribas de Sil.

Tamén haberá unha intervención integral na parroquia de San Fiz de Asma, no Concello de Chantada. Así, promoverase un plan de ordenación do medio físico para esta zona, que conta cunha gran densidade de construcións que fan aconsellable fixar certas pautas de intervención sobre elas, nas vías de acceso e nos socalcos, así como respecto dos materiais que se empreguen. Este plan iniciárase este ano e terá unha dotación de 68.000 euros.

### **Paisaxe e sensibilización**

En materia paisaxística, son tres as propostas de actuación incluídas no plan estratéxico. Por unha banda, unificaranse nunha soa as dúas áreas de especial interese paisaxístico que existen nestes momentos nesta zona (as do Canón do Sil e do Canon do Miño).

Con este traballo, que acometerá a Consellería con medios e fondos propios entre este ano e 2021, adaptarase esta delimitación paisaxística preexistente ao recollido na declaración do BIC Paisaxe Cultural Ribeira Sacra.

Por outro lado, porase en marcha un pacto pola paisaxe financiado pola Xunta –cun investimento de 700.000 euros e horizonte temporal no 2021- e xestionado polo Consorcio, para promover a protección e mellora deste territorio. E, por último, elaborárase tamén un

plan de acción da paisaxe para os seguintes itinerarios de interese paisaxístico: Chantada-Ponte Nova dos Peares, e Monforte de Lemos-Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil.

A sensibilización ambiental será outra das fronteiras que se quere abordar con este plan de acción para a Ribeira Sacra. Así, no marco do programa de educación ambiental Voz Natura, deseñárase un proxecto piloto para que os centros escolares desta zona que participen nel poidan colaborar na recuperación de viñedos e zonas degradadas da man de comunidades de propietarios de montes en man común. Esta acción financiarase con fondos propios entre 2020 e 2024.

Así mesmo e directamente relacionado coa busca e o fomento dun turismo sustentable e de calidade, está previsto desenvolver para a Ribeira Sacra unha nova ruta de árbores con historia. A idea é seguir o mesmo esquema das tres xa existentes (Santiago-Rías Baixas, Ourense Occidental e Ourense Oriental) para a posta en valor do patrimonio natural constituído polos elementos do Catálogo galego de árbores senlleiras localizados no ámbito da futura Reserva da Biosfera. Este traballo materializarase o ano que vén e contará cun investimento de 30.000 euros.

Outra das accións previstas é a redacción dun estudo de impacto do cambio climático na Ribeira Sacra, para o que se mobilizarán 75.000 euros de aquí ao ano 2024 e que recollerá datos meteorolóxicos e climatolóxicos das últimas décadas para detectar tendencias e impactos que sirvan para desenvolver un estudo preliminar das tendencias futuras de certos parámetros como a chuvia e a temperatura.

### **Candidatura a Reserva da Biosfera**

Por último, o plan de acción da Consellería de Medio Ambiente para fomentar os valores naturais e culturais desta zona inclúe tamén entre as súas pedras angulares a futura declaración da Ribeira Sacra como Reserva da Biosfera, unha iniciativa que xurdiu da man da Xunta a mediados do ano 2017.

Ao respecto, cómpre lembrar que despois de que a conselleira Ángeles Vázquez presentara oficialmente a candidatura o pasado agosto, estase pechando agora o documento técnico que, logo de superar o trámite de información pública, será remitido á Secretaría do Comité Español do Programa MAB da Unesco para a súa análise antes de que remate este ano. Previsiblemente a finais de 2020, a Comisión Nacional do Programa en España decidirá sobre a candidatura e a súa posterior remisión ao Comité Internacional da Unesco en París para a aprobación definitiva como Reserva da Biosfera, o que convertería a Ribeira Sacra na sétima figura deste tipo declarada en Galicia.

## **A XUNTA AXUDARÁ ÁS UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS A IMPULSAR PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES E EFICIENCIA QUE PERMITIRÁN AFORROS DE 600.000 EUROS AO ANO**

- ***O Goberno galego avanza na Estratexia de aforro e eficiencia enerxética no sector público autonómico de Galicia 2015-2020 con estas novas actuacións que mobilizarán 8M€***
- ***A convocatoria, coa que se pretende desenvolver iniciativas nunha vintena de edificios, publicarase mañá no Diario Oficial de Galicia e o prazo de solicitudes estará aberto ata o vindeiro 13 de novembro***
- ***A Xunta leva investido máis de 19M€ en actuacións en materia de enerxías renovables e eficiencia en edificios da Administración pública autonómica e municipal desde o ano 2015***

A Xunta porá en marcha unha nova liña de axudas dirixida ás universidades públicas galegas (A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo) para impulsar proxectos de enerxías renovables térmicas e de aforro e eficiencia enerxética que lle permitirán un aforro de 600.000 euros ao ano na factura, o que supón ao redor do 6 %.

A convocatoria, que se publicará mañá no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e que manterá aberto o prazo de solicitudes ata o vindeiro 13 de novembro, realizarase en réxime de concorrencia competitiva e contará cun orzamento total, por parte da Xunta, de 6,3M€ para desenvolver accións por un valor de 8 millóns.

En concreto, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Inega, ofrece axudas para proxectos de enerxías renovables térmicas -ás que se destina o 16,25 % do orzamento e que poderán incluír instalacións de biomasa, aerotermia, xeotermia, solar térmica ou iniciativas de *district heating*- e proxectos integrais de aforro e eficiencia enerxética. Esta liña conta co 83,75 % do orzamento total e exixirá que as propostas que se aproben impliquen niveis de aforro, con respecto á situación inicial, de máis do 15 %. Incluirá a renovación de elementos construtivos ou de equipos e instalacións; a incorporación de sistemas de control e xestión enerxética; así como certificados de eficiencia e auditorías.

Con esta convocatoria, a Xunta pretende desenvolver actuacións nunha vintena de edificios que se beneficiarán non só dun importante aforro económico, senón tamén enerxético, que equivale a 0,6 millóns de litros de gasóleo anuais. Ademais, evitarase a emisión de 1.400 toneladas de CO<sub>2</sub> ao ano, semellante á acción de 70.000 árbores.

Con esta nova medida, o Goberno autonómico continúa a súa aposta polas enerxías renovables e por implantar unha cultura do aforro enerxético en todos os eidos, desde os cidadáns ás empresas, pasando polas administracións. As axudas enmárcanse no Plan de aforro e eficiencia enerxética da Administración pública 2015-2020 que xa leva impulsado actuacións por un importe de máis de 19 millóns de euros e que permitiu desenvolver 864 proxectos nos concellos galegos e 45 en edificios públicos da Xunta. Entre eles destacan a

nova instalación de autoconsumo solar de San Lázaro, con 1173 paneis fotovoltaicos e un aforro anual de 50.000 euros; ou a rehabilitación exterior de San Caetano que incorporou novos tellados de tella galega, máis de 1.100 fiestras illadas con madeira de castiñeiro, unha nova envolvente térmica e iluminación led.

Por outra banda, as tres universidades públicas galegas foron incluídas no contrato centralizado da Rede de enerxía da Xunta de Galicia (Redexga) que foi creada no 2013 e que, desde entón, leva permitido un aforro de 34,2 millóns de euros. O novo contrato abrangue 1790 centros públicos e conta cun orzamento de 82,6M€ para os vindeiros dous anos.



## **A XUNTA IMPULSA OITO NOVOS ALBERGUES PÚBLICOS APOSTANDO POLA REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS HISTÓRICOS NOS DISTINTOS CAMIÑOS**

- ***O Consello aborda o novo Plan de albergues, dotado con 7 millóns de euros, que inclúe a creación de novos establecementos e melloras na rede pública***
- ***Encarga a redacción dos proxectos para a antiga casa reitoral de Vilasantar, o Palacio Episcopal de Diomondi no Saviñao e a Casa da Viúva na Gudiña***
- ***Reformará os situados nos mosteiros de Oseira e Sobrado dos Monxes, exemplos sobranceiros do patrimonio galego, para a súa incorporación á rede autonómica***
- ***Inicia o estudo para buscar localizacións en Rodeiro e A Coruña e adxudica as obras do novo albergue de Vigo, que inicia este mes a súa construción***
- ***O documento inclúe actuacións como a ampliación do albergue de Pontevedra, reformas e melloras de accesibilidade e eficiencia enerxética por 3,7 millóns***
- ***Esta acción enmárcase dentro do Plan estratéxico do Xacobeo 21, que recolle como un dos seus obxectivos a mellora permanente da acollida aos peregrinos***
- ***Durante os últimos anos, o investimento na creación de novos albergues e na posta en valor dos xa existentes superou os 3,5 millóns de euros***

A Xunta impulsará a creación de oito novos albergues públicos no Camiño de Santiago apostando pola rehabilitación de edificios de valor histórico e patrimonial e pola posta en valor das diferentes rutas de peregrinación. Trátase dunha das accións incluídas no Plan de albergues abordado hoxe polo Consello da Xunta que conta cun investimento de máis de 7 millóns de euros para a creación de novos establecementos e para acometer melloras nos inmobles que conforman a rede pública do Goberno galego.

A través deste plan, a Xunta destinará un mínimo de 3,3 millóns de euros para poñer en marcha estes oito albergues, para cinco dos cales ten encargado xa o proxecto de redacción. En concreto, situaranse no concello coruñés de Vilasantar (Camiño do Norte), onde se reformará a antiga casa reitoral; no Saviñao (Camiño de Inverno), grazas á remodelación do Palacio Episcopal de Diomondi, e na Gudiña (Vía da Prata), acometendo melloras na coñecida como Casa da Viúva. Igualmente, pon en marcha os situados en San Cristovo de Cea (Vía da Prata) e Sobrado (Camiño do Norte). Nestes dous casos, as actuacións consistirán na realización de melloras e remodelación para incorporar á rede da Xunta os albergues existentes nos mosteiros de Oseira e de Sobrado dos Monxes.

Entre os novos establecementos impulsados pola Xunta no marco do Plan de albergues figura, igualmente, o primeiro albergue público no concello de Vigo, no barrio do Berbés, que vén de ser adxudicado por máis de 1 millón de euros e cuxas obras comezarán este mes. Por último, a nómina de novos establecementos da rede pública do Goberno galego complétase coa análise e estudos de localización previos para a creación doutros dous albergues en Rodeiro (Camiño de Inverno) e na Coruña (Camiño Inglés).

O plan recolle outros 3 millóns de euros para acometer reformas nos establecementos, así como melloras de accesibilidade e eficiencia enerxética en distintos albergues por máis de 500.000 euros. Ademais, entre as actuacións que se levarán a cabo destaca a ampliación do

albergue de Pontevedra, cun investimento de preto de 200.000 euros que se formalizará a través da sinatura dun convenio coa Asociación de Amigos do Camiño Portugués.

### **Accesibilidade, saúde e calidade**

A posta en marcha do Plan de albergues enmárcase no Plan estratéxico do Xacobeo 21, que recolle como un dos seus obxectivos a mellora dos establecementos de acollida ao peregrino. O documento analizado hoxe polo Consello da Xunta inclúe, ademais, iniciativas como a acción para converter o Camiño de Santiago nun espazo cardioprotexido a través da incorporación de desfibriladores semiautomáticos externos nos 70 albergues da rede pública, así como a formación dos seus 150 traballadores.

O texto recolle tamén o proxecto *Galicia, apostando pola calidade* para implantar a distinción Q de Calidade nas organizacións e xestores turísticos dos Camiños de Santiago, co obxectivo de que os espazos públicos singulares ou albergues destas contornas accedan a partir de agora a este certificado. Por último, inclúe unha iniciativa centrada na instalación de pictogramas para favorecer a accesibilidade dos locais, a edición dun catálogo-guía da accesibilidade en todos os establecementos e a posibilidade de facer reservas para grupos de persoas con discapacidade.

### **Eficiencia enerxética e acceso Wi-Fi**

O Goberno galego reforza a través do Plan de albergues o seu compromiso con esta rede que ofrece máis de 3.200 prazas ao longo dos 1.500 quilómetros polos que transitan as diferentes rutas xacobeas. De feito, nos últimos catro anos a Xunta impulsou xa a creación de catro novos albergues na Fonsagrada (Camiño Primitivo), Friol (Camiño do Norte), Ourense (Vía da Prata) e Ordes (Camiño Inglés).

En total, neste tempo acometéronse actuacións de rehabilitación, mellora, reforma e ampliación por máis de 3 millóns de euros, aos que se lles engaden 420.000 euros en melloras de accesibilidade, polas cales o 100 % dos establecementos públicos son accesibles ou practicables, así como outros 70.000 euros na instalación de sinalización táctil. Tamén se destinaron 50.000 euros a melloras de eficiencia enerxética e se habilitou o acceso á rede Wi-Fi en todos os establecementos.

### **Unha rede en crecemento**

Desde o último Ano Santo, a Xunta impulsou a creación de 12 novos albergues públicos nos distintos camiños e apoiou a reforma doutros 12 establecementos. É unha tipoloxía de aloxamento que mantén a súa vixencia entre os peregrinos que percorren o Camiño de Santiago. De feito, en 2018 rexistraron máis de 310.000 pernoitas.

Os albergues da rede pública da Xunta ofrecen na actualidade case unha de cada catro prazas ofertadas nesta modalidade de aloxamento na Comunidade e representan o 17 % dos establecementos desta tipoloxía.